

# AO SAN COSME DA MONTAÑA IREI EU EN ROMARÍA.

Vinte e sete de setembro,  
nada máis raiar o día.

Irei andando lixeiro,  
levando o amor por guía.

Irei visitar o Santo  
coa fe de quen nel confía.

Alegre e entre cantares,  
ou coa alma en agonía.

Alí bater hei con Deus,  
o Deus bo da miña vida.

Alí baterei coa xente,  
cos amigos, coas amigas.

Dareilles bicos e apertas:  
leda camaradería.

Diremos como nos vai  
entre consolos e risas.

Entrarei despois na igrexa  
para facer romaría.

Contareille ao Santo as penas,  
pra que el mas volva alegrías.

Chucharei con devoción  
o Santo que tal me estima.

Con esmola ou sen esmola,  
que Deus non cobra as caricias.



Con devoción e agarimo  
participarei na Misa.

Escoitarei a Xesús,  
que me fala e que me anima.

A súa palabra, o seu corpo  
hanme de dar compañía.

Xantaremos trouleando  
de todos feitos familia.

Bailaremos con humor,  
que o baile en paz pacífica.

Volverei con máis vigor  
prá loita de cada día.

Lembrareime do San Cosme  
co amor que o amor ansía.

Coidarei corpo e espírito  
pra non sufrir cal sufría.

Mirarei polo meu gando  
cal sempre o labrego mira.

Xuntareime cos veciños  
nas unións que a vida animan.

Defenderemos así  
o pan de todos os días.

E a vida pouquiño a pouco  
volverase máis florida.

Alentados por Deus Pai,  
non hai mal que nos oprima.

**FELIZ E VENTUROSO DÍA PARA TODAS E TODOS VÓS, AMIGUIÑOS.  
QUE CON PAZ, SAÚDE E BEN NOS POIDAMOS VER PARA O ANO.**

## SAN COSME DA MONTAÑA – 27 SETEMBRO 2023

### Acollida

Benvidas amigas e amigos, veciños de máis preto ou de máis lonxe, que quixestes vir ao san Cosme da Montaña, empuxados polas vosas preocupacións, polas vosas enfermidades, se cadra, pola vosa fe, polo voso desexo de mellorar a vida, pola voso gusto por encontrarvos con outra xente nunha xornada de romaría.

Douvos eu a benvida, pero tamén vola dá toda a veciñanza de Galgao, parroquia na que está este santuario. E sobre todo dávos a benvida o san Cosme, e por suposto o noso Deus querido, que, como Pai ou Nai que é, segue de cerca as vosas vidas, e está sempre disposto a colaborar con nosoutros para facernos persoas dignas, felices.

Aproveitemos esta romaría para achegarnos ao noso Deus con confianza, sabéndonos acompañados polo mesmo san Cosme e por tantos amigos e amigas que hoxe aquí facemos romaría. Poñamos nas mans de Deus e do seu santo as nosas ansias e preocupacións. Pidamos perdón, se lle temos faltado alguén. escoitemos con devoción a Palabra de Deus. Acheguémonos a comungar con desexo de amigar máis con Xesús e co que el nos ensina. Poñamos o santo, se nos praxe, con devoción, desexando poñer paz e honradez nas nosas vidas. Se nos apetece dar algunha esmola, deámola, pero sabendo que o ben de Deus non se merca con cartos; sabendo que Deus é sempre gratis, o único que nos pide é bo corazón, e que nos abramos ao ben e a doernos de que ande en debilidade.

Amigas e amigos, que teñades un feliz día do San Cosme. Respectemos as normas sanitarias. Que poidades volver alegres ás vosas casas, e fortalecidos para vivir a vida con paz, con ánimo, con unión veciñal. Coidémonos, que Deus nos coidará.

## FESTA DO SAN COSME DA MONTAÑA EN GALGAO(27.09.23)

### PRECES:

Sabéndonos ben acompañados polos santos Cosme e Damián, confiando en que Deus é sempre con nosoutros como unha Nai solícita, presentémoslle as nosas oracións, dispostos a traballar polo mesmo que pedimos. Contestamos a cada oración dicindo xuntos: **NAS TÚAS MANS XENEROSAS  
POÑEMOS O NOSO ESFORZO**

--Grazas polos tempos de saúde que temos. Que cando teñamos enfermidade poidamos contar coa axuda de bos sanitarios, colaboremos con eles e esteamos abertos á forza e a paz que veñen de ti, Deus querido. Oremos xuntos.

--Grazas pola xente que nos coida na nosa enfermidade. Que saibamos visitar, acompañar, apoiar a quen padece algún mal. Oremos xuntos.

--Grazas por esta romaría do San Cosme, que dentro e fóra do templo crea un espazo santo de relación, de amizade, de curación, de solidariedade baixo a ollada de Deus e dos seus santos. Que co corpo e co espírito nos enchoupemos deste ambiente de bendición. Oremos xuntos.

--Grazas por termos un Deus sempre fiel na súa misericordia con nosoutros. Que igual que buscamos saúde física, busquemos saúde espiritual, apegándonos ben aos modos de vida que nos ensina o noso Señor Xesús Cristo. Oremos xuntos.

--Grazas por vivirmos nesta terra espléndida e produtiva, cunha natureza marabillosa. Que amemos o coidemos o campo, as aldeas, e que nelas poidamos traballar e levar unha vida digna e en paz. Oremos xuntos.